



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA UNIDADE TÉCNICA PARA A APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN EN CACHEIRO E SEIXOMIL. CONCELLO DE MEAÑO"

EXPEDIENTE: 148/2024

Publicada, o día 27 de agosto de 2024, no perfil do contratante do Concello de Meaño, integrado na plataforma de Contratos Públicos de Galicia (ID 823452) e na páxina Web do Concello de Meaño a convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, varios criterios de adxudicación, da contratación das obras de **"PAVIMENTACIÓN EN CACHEIRO E SEIXOMIL. CONCELLO DE MEAÑO"**, cun prazo de presentación de ofertas de 10 días hábiles contados a partires do seguinte ao da inserción do anuncio de licitación no perfil do contratante en virtude do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexe nesta adxudicación.

Rematando o prazo de presentación de ofertas as 10 horas do 11 de setembro de 2024.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, RESOLVE:

1º Designar como membros da Unidade Técnica a: Beatriz López de Castro García (Secretaria-interventora do Concello de Meaño), M^a del Mar Pereira García (técnico de xestión do Concello de Meaño) e Trinidad Lorenzo Lema (administrativa do Concello de Meaño) quen atuará como secretaria.

2º Convocar aos membros da Unidade Técnica, para, en acto non público, a apertura e valoración das proposicións presentadas na devandita convocatoria, para as 13:15 horas do día 12 de setembro de 2024, na Casa Consistorial de Meaño.

3º Publicar a presente convocatoria na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño.

Mándao e asíno o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario da corporación dou fe, aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra "e" do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

